

# AUTOPOÉTICA E POESÍAS

1 9 3 5



AUTÓGRAFOS E INÉDITOS

DE

ÁLVARO CUNQUEIRO

[ FACSIMILE ]

HOMENAXE  
DO  
CONSELLO  
DA CULTURA GALEGA

MCMXCI

# AUTOPOÉTICA E POESÍAS

1 9 3 5



AUTÓGRAFOS E INÉDITOS

DE

ÁLVARO CUNQUEIRO

[ FACSIMILE ]

HOMENAXE

DO

CONSELLO

DA CULTURA GALEGA

MCMXCI

M. Filgueiras: Xa fai días que  
recibín o teu "inquirito" ao que ando  
a contestar. Estiven na leito con un pouco  
de febre e nuno puiden facer antes.  
Un destes días había de ir a Lugo, pro di-  
xéronme que non estabas. Eisi que pase isto  
das eleccións — ogallá cheva o día das eleccións! —  
irei a Lugo e falaremos. Ando escribiendo  
na cousa sober Rosalia — "Amor ou estancia  
de Rosalia de Castro" —, rematando un caderno  
de poesía "A luz i-outros poemas", que con  
"Favorábel prisión de sono" sairán axiña. Quero  
pubricar istas dúas cousas ista ano. Ao ir  
a Lugo che leuarei as cousas inéditas  
e ti escollerás. Ti mandas i-cu conforme.

Ben mais. Un abrazo forte de

C. Filgueiras



resposta ao INQUÉRITO PREVIO A UNHA "ESCOLMA DA LÍRICA GALEGA"

### BIOGRAFIA:

Nascin en Mondoñedo o 22 do Nadal de 1911. De neno tiven ~~seca~~ a paixón polos cabalos e polos encaixes. Fun pouco xogantin; mais ben fun mentireiro e contempativo. Aos oito <sup>anos</sup> xa lera a Verne e "Os miserábeles" de Victor Hugo. Daquela eu botaba grandes sermóns deude o pino das escaadeiras da miña casa e pagaba sober cartóns priques de papel de barba, dibuxando logo fermosísimas batallas. Fun a Lugo a facer o Bachalerato. Fixenme un descreído, comecei a falar galego a cotío — escribin unha novela de aventuras; Buffalo Bill, eu, Napoleón, os dous pilletes que deron a volta ao mundo, etc.; os persoaxes falaban en galego i-as cousas pasaban en castelán — i-a lér libros, revistas, periódicos, sen orde, sen tasa, sen concerto. posibele. Aos quince anos eu era republicán, ateo, galeguista, barulleiro, bachaler e medía 1'85 m., pesando soio 54 Kilos. Medrar tanto venime de caste; tamén me venen de caste as máns longas, a facilidade pras linguas i-o amor. ~~o~~ <sup>caza;</sup> meus abós cazában ~~me~~ i-eu fagolles versos ao corzo, á lebre, á perdiz, ao galgo. Un abó meu, Don Benito Montenegro, Maiorazgo de Sacos, foi un maravilloso cazador i-un tío <sup>de</sup> meu, Eduardo Montenegro, foi, asegiñ Valle-Inclán, o meivande cazador

que il coñecív. Eu desexaría ser cazador e intérprete. Deu  
1 <sup>Agüera e</sup>  
Sergio Queipo de Llano, irmán de miña bisabóa, a magnífica  
Doña Nicolasa, escribív, perante a súa longa estada nas  
Filipinas, un "Vocabulario agrícola de la Isla de Luzón", impreso  
por Mario, en Manila, o ano de 87. Comeza por "aire" que se  
di "Kuki" e remata por "vento" que se di "Kas" e por  
"verde" que se di "nao". 1928: Santiago, Filosofía e Letras.

Tírame a pintura. Non se me daría por ser un grande  
mestre, pro gustaríame dibuxar ben.

Góstame a soedade; góstanme os longos paseos por ista do-  
cisima ribeira; a estrada do Carmen polo inverno, que é chea  
de sol; a estrada de San Lázaro pola primavera, estrada de  
riquísimo aer; polo vrán á veira dos ríos, pólas aceas de Xa-  
cinto i-a ría da Cega; no outono a Alameda dos Remedios  
é unha gloria. Prefiro Mondoñedo e Compostela a todo,  
e gustaríame demorar unha longa tempada nas terras outas,  
por Meira, pola Fornitá, pola Graña de Villarente....

Traballos? Conferencias sober música, poesía, pintura, en Madrid e Barce-  
lona, Lugo, Ourense, A Cruña.... cousas inacabadas sober cen cousas.

## FORMACIÓN

Non sei, non sei. Nunca pensei. Agora - craro. está - vexo  
vir unha liña ou cisi: Heine, Canzoneiros, Gil Vicente, Juan  
Ramón, Rimbaud, Hölderlin... Eisi, neste orde, con un significado  
que coído esaito e que, non embargantes, vexo confuso.

## LEITURAS

Nuha libretina teño apuntado: "Leituras do ano: ==  
"1927: Rosalia, Shakespeare, Baroja, Curros, Victor Hugo e Mou-  
taigne". Vése ben que non poido falar de leitu-  
ras.

## PREFERENZAS

Prefiro a todos; a música de Mozart, a pintura de Rafael  
i-os pequenos holandeses, Clow, Potter...

Heine, Juan Ramón, , Góngora, Milton, Beaudelaire, Eliot,  
son as leituras que mais repito.

De todo o galego, aparte a visión natural dos ollos,  
Canzoneiros, Compostela, Rosalia, Eiron, Colmeiro, Amado Car-  
ballo son "o galego" que mais teño en min.

## XEITO DE TRABALLO

Ben poido dicir. Como si a luz fixera un redondeo/brunquísimo no escuro. Eu vou entrando nil e poñendo verbas, verbas. Cando xa me sinto eu todo naquela mesma luz, van saíndo outras verbas diferentes, case que un mundo. Este é o poema.

## OBRA

Quixera esquecer a feita. Paréceme comezar agora mesmo a dicir a primeira verba dun verso novo. Si me din si eu escribin "Poemas do si e non" ou "Cantiga nova", diría que non sei. Poido ser e ben poido non ser.

## POÉTICA

Non sei que é a poesía. ~~Representar unha~~  
~~relación entre palabras e realidade~~  
Técnica? Tampouco non sei.

## OUTRAS COUSAS

Roteiros da nova poesia? Non sei. Nin xiquier si hai nova poesia. Leo igual a Garcilaso que a Allen Tate.

Cousas de formas métricas ou eisi, non sei ren; nunca matinei niso.

## POESIA GALEGA

Non teño criterio formado. Coido que non hai mais que Cazoueiros, Rosalia, Pondal, Carballo e Manuel Antonio. Entre todos eles percebo certo amor e parentesco, coma o sinto entre Egleisia Alvarinho i-év, sen que seipa en que peude. Quizaves: escuridade no ouvir, coñecencia dun trasentido do mundo e da contrafigura da Natureza, agudizamento da soedá, soberrealismo, preferenza do ritmo sobre a rima. Que sei eu!



QUEM DEBE FIGURAR NA ANTOLOGIA?

Non sei que lindes pōria eu. Os que de ningún xeito deixaria fora xa o poido decir: A. Carballo, Manuel Antonio, Iglesia Alvarinho, Pimentel...

AO LADO DE QUEM QUIXERA IR?

De Iglesia Alvarinho e Pimentel.

=

Da miña obra prefiro "Poemas do si e non",  
aunque non estou moi seguro. De verdade, pre-  
firo o poema que farci mañán á mañán.

## PUBRICADO

Mar ao Norde. Ed. Nos. Santiago. 1932.

Poemas do si è non. Ed. Un. Lugo. 1933.

Cantiga nova que se chama RIVERA.  
Ed. Resol. Santiago. 1933.

Papel de color 1: Primeira elexia a Manuel Antonio.

Papel de color 4: Segunda elexia a Manuel Antonio.

## INÉDITO

Favorábel prisión de sono. (1935)

Poemas antigos. (1935)

A luz i-outros poemas. (1936. inacabados).

## TEATRO

Rua 26. farsa

Lume nas cerdeiras. ópera ao xeito das romeirías.

## NOVELA

PAPÈS DE ANDRÉS DELGADO

ademais:

AMOR OU ESTANCIA DE ROSALIA CASTRO.

AS VIDAS ILUMINADAS. = (Bén i Bóo, Don Casto Cuevas,  
Don Fidel Garcia, Doña Nicolasa Méndez) =.

Paradis, Enlloc  
l'aigua es flor  
i l'ànima em roba,  
mon amor!

La mar es encara una noia nova  
i per cims d'Enlloc seu cos s'enfonza  
mon amic!

El veler es un roser florit  
i el vent nov una fletxa d'or fi,  
mon amor!

Ocells refilen sota el cel d'Enlloc  
que es <sup>un</sup> mon blau de suau remor,  
mon amic!

Aigües dels rius de la verde riba  
veniu als arbres del Paradis! us crida  
mon amor!

Enlloc, Paradis  
ferit m'he vist  
de flors el pit  
mon amic!

a Tomàs Garcés

La nit es bruna  
Tres estrelles son tres  
i l'alosa es una

L'alosa es poncella  
no se si fruita  
no se si estrella

L'aire ha dit  
que l'aigua i la rosa  
l'han adormit

L'aigua ha cantat  
que l'aire i l'alba  
l'han despertat

Qui tingui amor  
qui vinga aquí  
donar la flor!

a Josep Carner



# PRIMEIRA ELEXIA

Qué soñada noite ou espada decideme  
Qué outo pino decideme si eu quixera ser home  
arume ou fino corazón chorando  
Decideme simplemente si cada fronte ou medo  
inevitábel peito atravesado de terra me recolle descoñecido  
Seriaamente falando  
quero quero volver a pór a miña gorra mariñeira  
aquela gorra dos oito anos  
cando entre o meu sono i-eu cantaba a luz

Eu compárome aos mortos  
Deixadas quedan as ruas a aqués que teñen corpo  
a aqués que soñan con pechaduras e tellados  
O meu corpo xa está durmindo naquela poboación lacustre  
que busquei perante vintedous anos i-oito meses  
naquela poboación lacustre derrubada  
pólos coléricos peixes das grandes mareas atrasadas

Decideme si eu quixera ser home  
Eu quixera recobrar aquela man de finos dedos nervosos  
aquela perna enterrada na areia  
aquela galeiría con unha fotografía no fondo  
aquél reló sin vidro disecado  
Quero quero chorar desconsoladamente o meu cabelo castaño escuro

agora que o meu corpo durme na beira mesma dun lago pálido

Decide que agonia traspasada ou carne húmida me berra  
Coa miña gorra mariñeira dos meus oito anos  
eu quero volver a descansar na miña propia cabeza  
nas miñas propias mans  
Sober dos meus propios <sup>pés</sup> estaría mirando como resucitaba

Ti vello vento do Norde  
e ti vella cidade amorosa

Auceio cruzarme nas rosas esquiñas  
os labios docemente decorados de silenzosas sorrisas

Qué musgo quero romper na miña sorna  
pra volver a ser paseante de longas zancadas

No espello do armario agárdanme tristes  
restos dun rosto amado eternamente

Decide si pode ser novamente aquela voz oída algunha  
vez

MAN NO NOMDE

Porto: 1-5.

M. Outa: 7

Ilha: 2-6

Issido

Poemas antigos.

1925.

# REISEÑOR corazón.....

REISEÑOR corazón do meu silencio fonte  
Riveira é do teu sono  
onde sonou o día  
onde as novas lvas tenramente  
frescas amañeceron

Riveira é do teu sono  
riveiras mil das vidas e do mundo  
do espeso cristal das tuas entranas  
Reiseñor corazón como de azul o día:  
ali cal de água a pedra dura  
meu doce amor eterno  
na tua voz está-la

Reiseñor corazón ave de formos graves  
Riveira é de ti mesmo  
onde a terra profunda cheira a rosa  
e choviña nos labios

Riveira é do teu bosque  
maravilla dos arbres verde craros  
sonoros rios e veas do teu canto  
Reiseñor corazón como de áa lixeiro:

ali cal de volcán o antigo fogo  
meu doce amor eterno  
na tua voz estála

- Dita queda unha estancia  
un ser fino e fermoso:  
reiseñar corazón do meu silencio fonte



POMBA MORNA POMA.....

POMBA morna poma que arrulas docemente  
Aquil salgueiro fresco  
aquela verde humida que xuntos fomos  
oxe lembro namentras soño montes nevados

Ti eras a branca torre poma morna  
o dilatado espello movedizo  
de tanta brisa de tanta aba de monte  
irmá de tanta núbem e tanta ágon de rio  
A branca torre outa ti eras peixe bélo  
ia tua luz mariña  
por min ao meu amor tan branco ollaba

Pomba peixe bélo tan crava navegante  
Aquil mundo redondo  
aqueia sutil marea tan fermosa  
oxe matino oliando estesos bosques  
Ti eras a i-alba pura peixe bélo  
a fravta que brincaba  
o gaioe da luz pólos espazos ceibes  
os reyóltos do sol nos bosques preguizosos  
A i-alba pura ti eras poma morna

ia tua luz marinha  
por mim ao meu amor tan branco ollaba

CERVO ave feliz que bebes água limpa

Ali onde se vive

con doce bosque soave mais ainda

no que nunca se finan

os ben frolicos e recentes fillos

ali onde o lago o teu voar espella

preguntei noite e dia incabível

Cervo ave feliz que bebes água limpa:

qué de ela se sabe e do seu sono

do seu arbore despido

dos seus beizos tan novos

dos seus pequenos mundos páledos?

Cervo ligeira frolic que ben galopas doce

Beira do mar levado

onde as sireas ao Nordés alivian

ali onde os arbres ventan

e soñan choivas as bestas soleadas

ali onde paxaros de aer ceifan núbens

preguntas solucei tan desveladas

Cervo ligeira frolic que ben galopas doce:

quán sabe da sua soma muiñeira

do seu branco dormido

das suas mãos de rio

do seu amor ou vispera ditoso

— Ouh si ti nono sabes meu ave miña cervo!

Ela era ave-frolic i-a bosque namorada.

ALAUDA voz que cantas fermosa  
Olla o amiceiro sutil que abana ao río  
i-o marfin doce que ben abana ao ceo  
Regolfos de cristal cruzan o mundo  
nista alba de branco que ti abanas  
Aláuda fina estancia en prumas de ave fina:  
Con vida breve pidoche  
que abanes nos meus ollos  
as luces que ela frescas  
deixou desamparadas

Aláuda xentil forma sonora  
O mar navegan os peixes ben trazados  
i-o bosque grave os corzos que son bosque  
Ti mesma ben galopas libremente  
iste raio de sol que alende os áers  
Aláuda alma ditosa que soñas soutos altos:  
Con vida breve pidoche  
que vées no meu corpo  
as mares que ela mornas  
abandonou salgadas

Sinto os seus ollos falar baixo das luas  
Entremedio das cervas malferidas  
baixo das luas sinto os seus ollos falar  
sinto os anelos de ouro i-o novelo das somas  
sinto ferros e soedás, lanzas sonoras  
saíndo do ceo rínóuse a rama nova  
Tres cabalos lle galopan o peito  
Un leva a frol  
outro a canzón  
i-o mais branco  
o seu corazón

-Ista é a canzón do reiseñor da morte cruel.



inédito.

Favorável prisão de souso  
-1935.

FavoráBEL prision de sono ainda  
o meu corpo primeiro  
entenrecido muro xa choraba  
Correitas verbas silenzosas iso si.

Estando eu sentado no bosque  
con iste relo con ista mesma alma  
ollando a Deus facerse herba e mais de mar  
dixen: Ollai que brinco pega iste doce corzo!  
— Un doce corzo neno  
correitamente vestido de grande corzo macho

Naguil primeiro mundo derrubado  
historia natural ou limpos ollos  
Agora que quero recordarme  
profundamente amurallado o corpo!

Eu quixera decirvos como era  
aquela fonte feliz de agon fermosa

Favorábel prision de sono ainda  
non embargantes eu era xa un neno  
e con iste relo con ista mesma alma  
a Deus lle dixen comezando o mundo:  
Iste froliado corzo ista soñada ave,  
iste galope sutil que me namora!

## SEGUNDA ELEXIA

A un lado i-a outro das pontes que non coñecen o Outono  
a un lado i-a outro.

Si ti quixeras saír da infancia que se chama  
polo nome mais doce con que a neve se fina  
si eu quixera saír da miña infancia con un cío  
desangariáanse por profundos pozos mudos  
aquelas nais tan brancas que tivermos  
Ben craramente escoitas  
a istas nais antigas como choran de negro  
a un i-a outro lado distas pontes durísimas.

Coma no tempo fresco  
coma no fresco tempo dos meus cativos ollos dís  
as nosas nais gardan nas fronteiras // tuas zocas chinelas  
Onde o voar das aves fai ben medrar o aér-  
as nosas nais solouzan como no tempo fresco  
que os meus ollos non vérden cando remèdra a herba  
que a nudez dos teus pés escumas non galope  
Sempre iguaes quixeran que eiqui foran  
os nosos corpos de finos rostos pálidos

— Abandonar esta vida da infancia ti quixeras  
Abertas as pradeiras e mil mares  
desbocados os poltros e lixeiras as naves  
cada vento un pais en cuio nome  
Arolecen sangues correntes matinaes  
Corre corre novelo meu novelo de seda  
A porta chaman as agoas da tua aurora  
Novelo que fas cantar ás estazons fermosas  
que ergues aos tigres soñando cravos saltos  
por quen os arbres arden e nas cumes  
nascen os bois que segan roibos ceos!  
Corre novelo fio limpo corre  
Come na historia dourada corre corre!  
Fáinos homes erguidos nas pradeiras  
selgados peixes fondos polos mares

A un lado i-a outro  
das pontes que non coñecen o Outono  
as nais tan brancas que tivemos choras  
os meus ollos cativos  
as tuas zocas chinelas!